

Durante o s. XIX podemos sinalar **tres etapas** en relación co uso escrito do galego e coa propia evolución da conciencia galeguista. Eses tres períodos coincidirían cos tres terzos do século: a primeira etapa, **desde 1808** (ano da invasión francesa) **ata 1833** (morte de Fernando VII e fin do absolutismo) caracterízase polas primeiras manifestacións do diferencialismo político de Galicia e xorden, por primeira vez despois do longo período dos Séculos Escuros, unha serie de obras en galego máis válidas polo seu carácter propagandístico que polos seus valores literarios. A reacción ás **invasións napoleónicas** e o **Romanticismo** fan agromar a defensa das linguas e os valores comunitarios, que en Galicia vai ligado ao descubrimento da propia **identidade**. Neste período o galego recupera o ámbito da escrita con **textos propagandísticos** contra os franceses. Os textos eran en galego pola necesidade de que chegase á poboación. Os sectores máis reaccionarios da sociedade (fidalgos e clérigos absolutistas), que renegaran había séculos da lingua, acoden a ela para persuadir aos labregos para loitar cos franceses pois cos franceses penetrarían tamén as ideas revolucionarias.

Na segunda etapa, **entre 1833 e 1863**, ano da publicación de Cantares Gallegos de Rosalía de Castro, nace o primeiro movemento de carácter galeguista, o provincialismo, que defende a unidade política de Galicia como provincia e con dereito ao autogoberno. Os provincialistas non utilizaron o noso idioma no seu discurso político, pero reclamaron para os cidadáns galegos o dereito a seren escolarizados na lingua propia. Este período coñécese en literatura como Prerrexurdimento.

A terceira etapa iníciase en 1863, o **Rexurdimento pleno**, coa publicación de Cantares gallegos e prolóngase ata fins do século. Cantares gallegos é o primeiro libro escrito íntegramente en galego de auténtica calidade literaria e inaugura o Rexurdimento pleno. Neste momento publícanse as primeiras gramáticas do galego (con catro séculos de retraso), os primeiros dicionarios bilingües galego-castelán, e xorde por primeira vez prensa en galego.

A partir dese momento, o galego segue un **proceso de estandarización** que pasa por catro fases: o **galego popularizante ata fins do século XIX**, en que o galego escrito toma como referencia exclusivamente o galego oral con todas as súas eivas (castelanismos, vulgarismos, dialectalismos...); **ata 1936 o galego enxebriante** caracterízase por buscar a diferenciación co castelán e a exaltación da dimensión enxebre do idioma; **ata fins do 70, o galego protoestándar** caracterízase pola simplificación gráfica (eliminación de apóstrofos, guións, acentos circunflexos e graves) e por unha tendencia purista (eliminación do foráneo do idioma, especialmente o castellanismo); por último o **galego estándar, ata hoxe**, que se caracteriza pola busca dun galego supradialectal (qu integra trazos dialectais de diferentes zonas), coherente coa historia propia e harmónico con outras linguas do contorno.